



RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA A RENUNCIA Á CELEBRACIÓN DE CONTRATO

Tipo contrato	Servizos
Obxecto	organización dos actos que vai desenvolver a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nas feiras do libro internacionais que terán lugar no ano 2018 : <ul style="list-style-type: none">· Lote 1: Bolonia (Italia)· Lote 3: Barcelona (España)· Lote 4: Frankfurt (Alemania)· Lote 5: Guadalajara (México)
Procedemento	Aberto
Tramitación	Ordinaria, pluralidade de criterios e anticipada de gasto

ANTECEDENTES

- 1 O órgano de contratación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria autorizou, o 28.9.2017, o inicio do procedemento para a licitación do contrato de servizos de **organización dos actos que vai desenvolver a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nas feiras do libro internacionais que terán lugar no ano 2018 (5 lotes)** cun orzamento de licitación de 157.024,80 €, IVE excluído, polo sistema de procedemento aberto previsto nos artigos 10, 138.2, 150 e 157 a 161 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)e tramitación anticipada de gasto.

O expediente foi informado pola Asesoría Xurídica de Cultura con data 5.10.2017 e o gasto foi autorizado o 31.10.2017

Os pregos de cláusulas administrativas e de prescripcións técnicas foron aprobados polo órgano de contratación o 31.10.2017.

A publicación do procedemento tivo lugar no perfil do contratante e no DOG núm.212, do 8 de novembro de 2017 e o prazo de presentación de ofertas rematou o 23.11.2017.

- 2 O 26.12.2017 a Secretaría Xeral de Cultura dirixe un escrito ao órgano de contratación para solicitar que se suspenda o expediente de contratación para 4 dos 5 lotes que comprende. Son os seguintes:

- Lote 1: Bolonia (Italia)
- Lote 3: Barcelona (España)
- Lote 4: Frankfurt (Alemania)
- Lote 5: Guadalajara (México)

- 3 A Secretaría Xeral de Cultura alega razóns de interese público para xustificar a súa petición:

"Neste momento debido a unha serie de factores sobrevidos con posterioridade á posta en marcha deste proceso de licitación e por motivos de interese público, para a Administración faise inviable proseguir co proceso de licitación e se solicita a suspensión para catro dos cinco lotes do proceso, polos seguintes motivos:

Unha das motivacións principais da asistencia a este tipo de feiras internacionais do libro vén determinada no artigo 18.3 da Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia que establece: "A Xunta de Galicia fomentará a asistencia das empresas galegas do sector do libro e dos creadores e creadoras a feiras ou exposicións que se desenvolvan fóra do seu ámbito territorial, incluídos os certames internacionais, sempre que estes teñan interese para a comercialización ou difusión das



publicacións ou servizos das empresas, ou sexan de interese para o país". Este precepto legal obriga á Xunta de Galicia cando estes eventos teñan interese para as empresas ou para o país.

Vense observando pola Administración convocante un crecente desinterese dos axentes implicados na participación nestas feiras, fundamentalmente do sector editorial e corroborado en recentes reunións mantidas entre a Administración Autonómica e representantes do mundo editorial (principalmente coa Asociación Galega de Editoras (AGE), a principal asociación gremial galega deste sector), que fai que o forte investimento que realiza a Administración Autonómica para conseguir os obxectivos marcados pola Administración carezan de sentido, no que se refire á asistencia a catro (4) das feiras ás que se asiste; Bolonia, Frankfurt, Liber (Barcelona) e Guadalajara (México),

Non obstante o lote número 2, relativo á organización da participación de Galicia na Feira Internacional do Libro de Buenos Aires, debe continuar a tramitación, en base ao seguinte:

O artigo 18.3 da Lei do Libro e da Lectura de Galicia, citado, menciona a obriga que ten a Xunta de Galicia de fomentar a asistencia a estas feiras cando ...sexan de interese para o país. Efectivamente en Buenos Aires, existe unha importante colectividade galega que recomenda continuar aproveitando este evento para fomentar e promover a cultura galega, a través do libro feito en Galicia e en galego, e así tamén ofrecer un contacto máis estreito coa cultura de Galicia, a través das actividades desenvolvidas neste evento. A Administración Autonómica ven realizando estas actividades de difusión e coñecemento da cultura galega máis actual na FIL de Bos Aires desde hai máis de vinte anos.

Cómpre, pois, cambiar o modelo de apoio á internacionalización do sector editorial galego de xeito que xa non vai asumir a Consellería directamente a presenza nas feiras internacionais do libro, senón que esta actividade poderá ser realizada directamente polos editores, tamén con fondos públicos, pero procedentes do IGAPE, a través das Cámaras de Comercio.

O IGAPE ten, dentro das súas competencias, o de apoio ás actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego. Para acadar ese obxectivo establece vías de financiamento das actuacións que faciliten a internacionalización das empresas galegas e que lles permitan poder incrementar as súas capacidades competitivas e a súa expansión internacional. É neste marco no que o sector empresarial do libro galego se incardina, do mesmo xeito que o restante sector empresarial da economía de Galicia

Serán as asociacións sectoriais do libro galego, conxuntamente co IGAPE, as que establezan as mellores e más eficaces vías para a internacionalización e o incremento das vendas das empresas editoras de Galicia, a través da súa presenza nas principais Feiras Internacionais do Libro.

A Consellería manterá o apoio á internacionalización do sector editorial a través doutras accións que coordinará co sector da edición galega."

- 4 Non tivo lugar a reunión da Mesa de Contratación e, polo tanto, non se procedeu á apertura da documentación das ofertas presentadas.

CONSIDERACIÓNIS LEGAIS E XURÍDICAS

- 1 O réxime xurídico aplicable ao presente expediente de contratación o constitúe o Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, que aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) e demais normativa legal que o complementa.
- 2 O artigo 155 do TRLCSP sinala que a Administración terá a facultade de renunciar á celebración dun contrato para o que efectuase á correspondente convocatoria, motivando en todo caso a súa resolución, e o notificará aos candidatos ou licitadores.



- 3 O artigo 155.3 do TRLCSP sinala que a renuncia á celebración dun contrato só poderá acordarse polo órgano por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. Nese caso, non poderá promoverse unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a renuncia.

Logo de todo o exposto, por razóns de interese público motivadas polas circunstancias alegadas na proposta elevada pola Secretaría Xeral de Cultura o 26.12.2017, conforme o disposto no artigo 155 do TRLCSP e en nome do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no uso das facultades que en materia de contratación me atribúe a Orde do 25 de xaneiro de 2012 sobre delegación de competencias (DOG núm. 27, do 8 de febreiro de 2012),

RESOLVO

- 1 Acordar a renuncia á celebración dos contratos relativos aos lotes que de seguido se sinalan, respecto da licitación dos servizos de organización dos actos que vai desenvolver a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nas feiras do libro internacionais que terán lugar no ano 2018:

- Lote 1: Bolonia (Italia)
- Lote 3: Barcelona (España)
- Lote 4: Frankfurt (Alemania)
- Lote 5: Guadalajara (México)].

Sobre a base do disposto no artigo 155 do Real decreto lexislativo do 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a causa das razóns de interese público que se motivan no apartado de antecedentes da presente resolución.

- 2 O Lote 2: Bos Aires (Arxentina) non é obxecto de renuncia polo que procede continuar co procedemento para a súa adxudicación
- 3 Ordenar que se lle notifique esta resolución aos licitadores que participaron neste procedemento, así como a súa publicación no perfil do contratante, e de ser o caso, nos diarios oficiais que correspondan.
- 4 Dispor a liberación do crédito autorizado para á licitación do lote 1: Bolonia (Italia), lote 3: Barcelona (España), lote 4: Frankfurt (Alemania) e lote 5: Guadalajara (México).

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo na Sala Contencioso-Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezará a contar o día seguinte ao que reciba esta notificación. Así mesmo, poderá recorrer contra ela de forma potestativa en reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, que comezará a contar o día seguinte ao que reciba esta notificación; neste caso non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo isto segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm.236, do 2 de outubro de 2015).

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017

O conselleiro

P.D. (Orde do 25.1.2012)

O secretario xeral técnico

Jesús Oitavén Barcala

